



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Novembro 2020

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Novembro 2020

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 1,4% en Galicia en novembro de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España descende un 5,8%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 2,9% mentres que no Resto de produtos caen un 1,1%.
- As vendas minoristas diminúen en todas as comunidades autónomas agás Madrid.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes diminúe un 2,9% en Galicia no mes de novembro de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España un 7,3%.
- O índice xeral de ocupación diminúe o 2,3% en Galicia e o 3,5% no conxunto do Estado.
- A ocupación diminúe en todas as comunidades autónomas no mes de novembro.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Novembro 2020

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	104,0	-1,4	-2,8
Xeral sen estacións de servizo	106,4	0,5	-1,1
Alimentación	100,0	2,9	3,4
Resto	111,2	-1,1	-4,3

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	-1,4	-2,8
Xeral sen estacións de servizo	0,5	-1,1
Alimentación	2,9	3,4
Resto	-1,1	-4,3

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 1,4% en Galicia en novembro de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España descende un 5,8%.


O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 0,5% respecto a novembro de 2019 en Galicia mentres que diminúe un 5,0% en España. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa as súas vendas un 2,9% en Galicia e diminúe un 0,6% no conxunto de España.
- O Resto de produtos rexistra unha caída do 1,1% en Galicia e do 8,0% no conxunto do Estado.

Nos once primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 2,8% en Galicia e un 7,4% no conxunto de España. As vendas en Alimentación rexistran unha taxa do 3,4% en Galicia e do 0,0% en España. As vendas no Resto de produtos diminúen un 4,3% en Galicia e un 11,2% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 1,7%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas diminúen en todas as comunidades autónomas agás Madrid (0,6%). Os maiores descensos rexístranse en Canarias (-14,1%) e Andalucía (-10,5%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Novembro 2020

Taxas de variación en %



No que vai de ano, rexístranse descensos nas vendas en todas as comunidades autónomas. As maiores caídas rexístranse en Illes Balears (-15,8%) e Canarias (-15,6%). Os menores descensos danse en Galicia (-2,8%) e Castilla – La Mancha (-3,7%).


3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes diminúe un 2,9% en Galicia no mes de novembro de 2020, e un 7,3% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 0,5% en Galicia e diminúe un 5,1% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 4,6% e no Resto de produtos diminúen un 2,3%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación aumentan un 0,6% mentres que diminúen no Resto de produtos un 9,2%.

Índices de comercio polo miúdo. Novembro 2020

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	106,9	-2,9	-4,1
Xeral sen estacións de servizo	110,8	0,5	-1,1
Alimentación	107,7	4,6	5,8
Resto	112,5	-2,3	-6,1



No que vai de ano, o índice xeral diminúe un 4,1% en Galicia e un 8,6% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 5,8% en Galicia e un 2,3% en España mentres que diminúen as vendas do Resto de produtos, -6,1% en Galicia e -13,0% en España.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do -2,3% no mes de novembro en Galicia e do -3,5% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, o persoal ocupado diminúe un 1,3% en Galicia e un 2,3% en España.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista diminúe en novembro en todas as comunidades autónomas. Os maiores descenso rexístranse en Canarias (-7,4%) e Illes Balears (-7,2%). As menores baixadas amósanse en Aragón (-1,2%) e Comunitat Valenciana (-1,6%).

No acumulado do ano, as maiores caídas na ocupación danse en Illes Balears (-7,0%) e Canarias (-4,4%). Os menores descenso rexístranse en Aragón (-0,7%) e La Rioja (-0,8%).

Índice xeral de ocupación. Novembro 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Novembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	106,9	-2,9	-4,1	104,0	-1,4	-2,8
Xeral sen estacións de servizo	110,8	0,5	-1,1	106,4	0,5	-1,1
Alimentación	107,7	4,6	5,8	100,0	2,9	3,4
Resto	112,5	-2,3	-6,1	111,2	-1,1	-4,3
España						
Xeral	105,0	-7,3	-8,6	102,2	-5,8	-7,4
Xeral sen estacións de servizo	107,5	-5,1	-6,4	103,7	-5,0	-6,3
Alimentación	109,3	0,6	2,3	101,4	-0,6	0,0
Resto	106,1	-9,2	-13,0	105,8	-8,0	-11,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Novembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	112,1	0,7	-4,2	109,4	1,7	-2,7
Xeral sen estacións de servizo	112,6	1,0	-1,6	109,7	1,2	-1,3
Alimentación	113,5	6,0	5,7	105,4	4,3	3,2
Resto	111,3	-2,2	-6,8	114,4	-0,5	-5,0
España						
Xeral	104,7	-6,4	-8,7	104,5	-4,3	-7,7
Xeral sen estacións de servizo	107,1	-4,2	-6,6	105,2	-4,2	-6,5
Alimentación	112,7	2,1	2,2	105,4	1,2	-0,1
Resto	103,0	-7,8	-13,4	106,1	-6,8	-11,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Novembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	105,0	-7,3	-8,6	102,2	-5,8	-7,4
Andalucía	100,8	-11,7	-9,7	98,4	-10,5	-8,8
Aragón	103,8	-7,1	-8,4	101,6	-5,5	-6,8
Asturias	93,3	-10,9	-6,2	91,3	-9,1	-4,6
Balears, Illes	96,5	-7,2	-16,9	94,3	-6,2	-15,8
Canarias	100,3	-14,1	-15,3	96,9	-14,1	-15,6
Cantabria	96,6	-7,9	-6,4	93,4	-6,3	-5,2
Castilla y León	97,0	-7,9	-8,6	94,3	-6,3	-7,2
Castilla-La Mancha	106,5	-4,9	-5,2	103,9	-2,7	-3,7
Cataluña	97,6	-11,3	-11,1	94,2	-9,7	-9,8
Comunitat Valenciana	107,7	-3,2	-6,9	105,9	-1,8	-5,8
Extremadura	95,1	-7,3	-7,9	93,2	-6,0	-7,1
GALICIA	106,9	-2,9	-4,1	104,0	-1,4	-2,8
Madrid	124,7	-1,3	-5,6	121,8	0,6	-4,2
Murcia, Región de	101,4	-9,1	-8,8	99,3	-7,7	-7,8
Navarra	103,5	-5,3	-8,4	100,1	-3,4	-6,9
País Vasco	108,8	-3,1	-5,1	104,8	-2,0	-4,2
Rioja, La	101,6	-9,7	-6,6	99,1	-7,2	-4,9
Ceuta	85,9	-20,2	-18,2	83,7	-19,5	-17,5
Melilla	84,3	-24,6	-22,0	81,9	-24,4	-21,6

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Novembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	101,5	-2,3	-1,3
Xeral sen estacións de servizo	101,2	-2,2	-1,2
España			
Xeral	101,7	-3,5	-2,3
Xeral sen estacións de servizo	101,7	-3,5	-2,3

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Novembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	101,7	-3,5	-2,3
Andalucía	98,5	-4,0	-2,6
Aragón	103,3	-1,2	-0,7
Asturias	103,1	-2,5	-2,3
Balears, Illes	100,4	-7,2	-7,0
Canarias	102,2	-7,4	-4,4
Cantabria	100,4	-2,3	-1,7
Castilla y León	102,5	-1,8	-1,3
Castilla-La Mancha	100,6	-2,1	-1,6
Cataluña	100,2	-4,1	-2,1
Comunitat Valenciana	107,3	-1,6	-1,2
Extremadura	100,7	-2,5	-1,9
GALICIA	101,5	-2,3	-1,3
Madrid	102,9	-4,3	-2,7
Murcia	102,4	-3,2	-2,4
Navarra	99,9	-4,1	-2,8
País Vasco	101,9	-1,8	-1,2
Rioja, La	104,3	-2,7	-0,8
Ceuta	98,8	-4,6	-2,4
Melilla	100,7	-3,6	-2,5

Fonte: INE